

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

*RESOLUCIÓN do 17 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do dezasete de xullo de dous mil vinte, aprobou o seguinte acordo:

*«Acordo polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.*

Por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 adoptáronse medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Conforme o punto sexto do dito acordo, as medidas preventivas previstas nel deben ser obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Para estes efectos, poderán ser obxecto de modificación ou supresión mediante acordo do Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de sanidade.

De conformidade con iso, mediante o Acordo do Consello da Xunta do 25 de xuño de 2020 introducíronse determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas e, entre outras, recolleuse como obrigatorio o uso da máscara sempre que se transite ou se estea en movemento pola vía pública e en espazos ao aire libre e, pola concorrencia doutras persoas, non se poida garantir en todo momento, tendo en conta o número de persoas e as dimensións do lugar, o mantemento da distancia de seguridade, así como sempre que



se estea en espazos pechados de uso público ou que se encontren abertos ao público e se poida concorrer no mesmo espazo con outras persoas usuarias, coa excepción dos supostos en que se poida permanecer sentado se a persoa titular do espazo adopta medidas que garantan en todo momento o mantemento da distancia de seguridade interpersoal entre as persoas usuarias.

O uso xeneralizado da máscara está a demostrarse como unha das medidas máis eficaces para previr a transmisión da enfermidade, polo que resulta necesario reforzar a súa utilización, ampliando os supostos en que o seu uso resulta obrigatorio, co fin de evitar, especialmente, que as persoas asintomáticas que non coñecen a súa condición de portadoras da infección procedan á súa transmisión. A ampliación dos supostos a que se aplica a obriga xeral de uso da máscara debe ir acompañada, non obstante, da previsión de regras específicas, tendo en conta as particularidades de determinadas actividades, ademais de que tamén cómpre prever excepcións a aquela regra xeral en atención a razóns xustificadas, fundamentalmente relacionadas coas circunstancias persoais ou coa natureza ou condicións de determinadas actividades, como pode ser o deporte individual ao aire libre, o cal pode quedar exceptuado do uso máscara sempre dun modo responsable e co necesario respecto e protección das persoas que utilicen o mesmo espazo para actividades distintas do deporte, como pode ser o paseo. Por iso, enténdese que o deporte individual ao aire libre pode exceptuarse do uso da máscara exclusivamente durante a realización da práctica deportiva e sempre que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, se poida garantir o mantemento dunha distancia de dous metros con outras persoas non conviventes.

De acordo co exposto, procede modificar o anexo do acordo en relación coas medidas de prevención sobre o uso de máscaras, ante a importancia que o seu uso reviste para controlar os eventuais abrochos.

Ademais, resulta necesario establecer unha prohibición expresa da actividade habitualmente coñecida como “botellón”, tendo en conta os riscos que presenta para a saúde pública, relacionados coa aglomeración incontrolada de persoas e coa ausencia ou relaxación de medidas de seguridade e de distanciamento persoal.

As modificacións introducidas terán efectos desde o día seguinte á data de publicación do presente acordo no *Diario Oficial de Galicia*.



En atención ao exposto, por proposta da persoa titular da Consellería de Sanidade, adóptase o seguinte

### ACORDO

Primeiro. *Modificación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade*

O Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o número 1.2 do anexo, que queda coa seguinte redacción:

“1.2. Distancia de seguridade interpersoal.

Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersoal establecida polo Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 de, polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuadas e etiqueta respiratoria.

O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.3.”

Dous. Modifícase o número 1.3 do anexo, que queda coa seguinte redacción:

“1.3. Obrigatoriedade do uso de máscaras.

a) Obriga xeral.

Para as persoas de seis ou máis anos será obrigatorio o uso da máscara en todo momento, tanto cando se estea na vía pública e en espazos ao aire libre como cando se estea en espazos pechados de uso público ou que se encontren abertos ao público, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.



Así mesmo, de conformidade co artigo 6.1.b) do Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, para as persoas de seis ou máis anos será obrigatorio o uso de máscara nos medios de transporte aéreo, marítimo, en autobús ou por ferrocarril, así como nos transportes públicos e privados complementarios de viaxeiros en vehículos de ata nove prazas, incluído o condutor.

b) Regras específicas.

1ª) Na realización de adestramentos e na celebración de competicións dentro da actividade deportiva federada de competencia autonómica, aplicarase, respecto ao uso da máscara, o recollido especificamente no protocolo das federacións deportivas respectivas.

2ª) No caso de colectivos artísticos que desenvolvan actos e espectáculos culturais, aplicarase as regras específicas do número 2.9 e, respecto da produción e rodaxe de obras audiovisuais, aplicarase as medidas previstas no número 2.10.

3ª) No caso dos coros e agrupacións vocais de canto, das orquestras, bandas e outras agrupacións musicais, da celebración de congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, eventos e actos similares e da actividade formativa en conservatorios, escolas de música e danza, observarase o indicado especificamente nas medidas recollidas nos números 2.11, 2.12, 3.33 e 3.41, respectivamente.

4ª) Nos centros docentes observarase, respecto ao uso da máscara, o recollido especificamente no correspondente protocolo.

c) Condicións de uso da máscara.

Deberá darse un uso axeitado á máscara, é dicir, esta deberá cubrir desde parte do tabique nasal ata o queixo, incluído.

Ademais, a máscara que se debe empregar non deberá estar provista de válvula exhalatoria, agás nos usos profesionais para os cales este tipo de máscara poida estar recomendada.

d) Excepcións á obriga de uso da máscara.

A obriga de uso de máscara non será exigible nos seguintes supostos:

1º) Cando se trate de persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de



discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.

2º) Nos vehículos de turismo, cando todas as persoas ocupantes convivan no mesmo domicilio.

3º) Nas praias e piscinas, durante o baño e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersoal entre todas as persoas usuarias non conviventes. En calquera caso, será obrigatorio o uso de máscara para os accesos, desprazamentos e paseos nas praias e piscinas.

4º) Nos establecementos de hostalaría e restauración, por parte dos clientes do establecemento exclusivamente no momento específico do consumo.

5º) No interior dos cuartos de establecementos de aloxamento turístico e outros espazos similares, cando unicamente se atopen neles persoas que se aloxen no cuarto.

6º) Nos buques e embarcacións de transporte de competencia autonómica, no interior dos camarotes, cando unicamente se atopen neles persoas que se aloxen no camarote.

7º) No caso de exercicio de deporte individual ao aire libre, exclusivamente durante a realización da práctica deportiva e sempre que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, poida garantirse o mantemento da distancia de dous metros con outras persoas non conviventes.

8º) No caso de actividade física e deportiva en instalacións e centros deportivos, sempre que se poida garantir o mantemento da distancia de seguridade interpersoal en todo momento, exclusivamente durante a realización das ditas actividades e tendo en conta o protocolo publicado para a dita instalación.

9º) En supostos de forza maior ou situación de necesidade ou cando, pola propia natureza das actividades, o uso da máscara resulte incompatible, conforme as indicacións das autoridades sanitarias.

e) Recomendación.

Nos espazos privados, abertos ou pechados, de uso privado, recoméndase o uso de máscara, no caso de reunións ou de posible confluencia de persoas non conviventes, aínda que se poida garantir o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.”



Tres. A letra e) do número 2.1 do anexo queda redactada como segue:

“e) Cando os centros, entidades, locais e establecementos dispoñan de ascensor ou montacargas, utilizaranse preferentemente as escaleiras. Cando sexa necesario utilízalos, a ocupación máxima será do cincuenta por cento da súa capacidade e será obrigatorio o uso da máscara por parte das persoas ocupantes nos termos previstos no número 1.3.”

Catro. A letra a) do número 2.7.1 do anexo queda modificada como segue:

“a) O uso da máscara axustarase ao disposto no número 1.3.”

Cinco. O número 3.2.6 do anexo queda redactado como segue:

“6. O uso da máscara axustarase ao disposto no número 1.3.”

Seis. O número 3.2.9 do anexo queda redactado como segue:

“9. Procurarase manter a distancia de seguridade interpersoal entre os traballadores e o público ou, na súa falta, utilizaranse medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.3.”

Sete. O número 3.3.3 do anexo queda modificado como segue:

“3. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.3.”

Oito. O segundo parágrafo do número 3.6.1 do anexo queda redactado da seguinte forma:

“Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nos locais e establecementos ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.3.”



Nove. O número 3.7.3 do anexo queda modificado como segue:

“3. Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal no interior dos locais e establecementos e nas zonas comúns e recreativas, como poden ser zonas infantís ou áreas de descanso ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física, así como evitar as aglomeracións de persoas que comprometan o cumprimento destas medidas. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3.”

Dez. O último parágrafo do número 3.8.1 do anexo queda redactado como segue:

“Os concellos establecerán requisitos de distanciamento entre postos e condicións de delimitación do mercado co obxectivo de procurar manter a distancia de seguridade interpersonal entre traballadores, clientes e viandantes ou, na súa falta, será precisa a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3.”

Once. O número 3.9.2 do anexo queda redactado como segue:

“2. Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal nas súas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3.”

Doce. O número 3.12.2 do anexo queda modificado como segue:

“2. As actividades de animación ou clases grupais deberán deseñarse e planificarse cunha capacidade máxima de vinte e cinco persoas. Deberase respectar a distancia de seguridade interpersonal entre as persoas que asistan á actividade e entre estas e o animador ou adestrador ou, na súa falta, utilizar medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3. As actividades de animación ou clases grupais realizaranse preferentemente ao aire libre e procurarase evitar o intercambio de material.”

Trece. O número 3.13.2 do anexo queda redactado do seguinte modo:

“2. As persoas titulares do establecemento adoptarán as medidas organizativas oportunas para evitar aglomeracións e para procurar manter a distancia de seguridade interper-





soal no interior dos establecementos ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física dos clientes entre si mesmos e destes con respecto dos traballadores. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3.”

Catorce. O número 3.14.3 do anexo queda modificado como segue:

“3. Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal nas súas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3.”

Quince. O número 3.15.5 do anexo queda coa seguinte redacción:

“5. Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal nas súas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3.”

Dezaseis. O número 3.16.2 do anexo queda redactado como segue:

“2. Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal nas súas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3.”

Dezasete. O número 3.16.3 do anexo queda modificado como segue:

“3. As visitas de grupos serán dun máximo de ata vinte e cinco persoas, incluído o monitor ou guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3.”

Dezaioito. O número 3.17.2 do anexo queda redactado como segue:

“2. Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal nas súas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de





protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.3.”

Dezanove. O número 3.17.3 do anexo queda coa seguinte redacción:

“3. As visitas de grupos serán dun máximo de ata vinte e cinco persoas, incluído o monitor ou guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.3.”

Vinte. O número 3.18.3 do anexo queda coa seguinte redacción:

“3. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal nas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.3.”

Vinte e un. O número 3.20.2 do anexo queda redactado como segue:

“2. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal. O uso da máscara axustarase ao disposto no número 1.3.”

Vinte e dous. Suprímense as letras e) e f) do número 3.20.4 do anexo.

Vinte e tres. O número 3.22.2 do anexo queda coa seguinte redacción:

“2. Os organizadores de eventos deportivos deberán contar cun protocolo específico no ámbito do COVID-19, que será trasladado á autoridade competente e que deberá ser comunicado aos seus participantes. Deberán incluírse no dito protocolo as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal con e entre os espectadores ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.3.”

Vinte e catro. O número 3.25.1 do anexo queda redactado como segue:

“1. Está permitida a actividade cinexética en todas as súas modalidades sempre que se respecte a distancia de seguridade interpersoal ou, na súa falta, se utilicen medidas alter-



nativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3.”

Vinte e cinco. O número 3.26.1 do anexo queda coa seguinte redacción:

“1. Está permitida a práctica da pesca fluvial e marítima, deportiva e recreativa, en todas as súas modalidades, sempre que se respecte a distancia de seguridade interpersonal ou, na súa falta, se utilicen medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3.”

Vinte e seis. O número 3.27.2 do anexo queda redactado como segue:

“2. Poderán realizarse actividades de turismo activo e de natureza, organizadas por empresas habilitadas como empresas de turismo activo, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade ou, na súa falta, para a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3.”

Vinte e sete. O número 3.27.3 do anexo queda coa seguinte redacción:

“3. Poderá realizarse a actividade de guía turístico, para grupos de ata un máximo de vinte e cinco persoas, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3. En calquera caso, deberán respectarse as condicións en que deba desenvolverse a actividade de visita a monumentos e outros equipamentos culturais e procurarse evitar o tránsito por zonas ou lugares susceptibles de xerar aglomeracións.”

Vinte e oito. O número 3.28.2 do anexo queda redactado como segue:

“2. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3.”



Vinte e nove. O número 3.29.2 do anexo queda coa seguinte redacción:

“2. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento das actividades ou, na súa falta, para a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3. En todo caso, seguiranse os protocolos que se elaboren para este tipo de actividades.”

Trinta. O número 3.31.2 do anexo queda modificado nos seguintes termos:

“2. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas súas instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3.”

Trinta e un. O número 3.31.3 do anexo queda modificado como segue:

“3. As visitas de grupos serán dun máximo de ata vinte e cinco persoas, incluído o monitor ou guía, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3.”

Trinta e dous. O número 3.32.2 do anexo queda coa seguinte redacción:

“2. Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3.”

Trinta e tres. O número 3.33.2 do anexo queda redactado como segue:

“2. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal durante a súa celebración ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3. Non obstante, as persoas oradoras, relatoras e similares poderán quitar a máscara no momento da súa intervención sempre que manteñan a distancia de seguridade interpersonal.”



Trinta e catro. O número 3.36.2 do anexo queda coa seguinte redacción:

“2. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal durante a actividade ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3.”

Trinta e cinco. O número 3.37.2 do anexo queda redactado como segue:

“2. Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal nas súas instalacións, especialmente na disposición e uso das máquinas ou de calquera outro dispositivo de xogo nos locais e establecementos en que se desenvolvan actividades ou, na súa falta, para a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3.”

Trinta e seis. O número 3.38 do anexo queda coa seguinte redacción:

“3.38. Lonxas.

Nas lonxas deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3.”

Trinta e sete. O número 3.39.2 do anexo queda modificado como segue:

“2. Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal indicada, nos termos previstos no número 1.3.”

Trinta e oito. Engádese un número 3.43 no anexo coa seguinte redacción:

“3.43. Consumo de bebidas alcohólicas na vía pública, parques e prazas públicas e outros lugares de tránsito público.

Sen prexuízo das prohibicións específicas que, de ser o caso, recollan as correspondentes ordenanzas municipais, queda expresamente prohibido o consumo de bebidas alcohólicas na vía pública, parques e prazas públicas e noutros lugares de tránsito público,



mediante a actividade coñecida habitualmente como “botellón”, polos riscos que presenta para a saúde pública, relacionados coa aglomeración incontrolada de persoas e coa ausencia ou relaxación de medidas de seguridade e de distanciamento persoal.

A Administración local correspondente deberá adoptar as medidas oportunas para impedir a existencia de aglomeracións de persoas con esta finalidade.

Esta prohibición non será aplicable no caso de consumo en terrazas ou con ocasión de festas e verbenas populares ou de actividades ou eventos que contén co título habilitante que sexa preciso en cada caso, debendo garantirse as medidas de prevención recollidas neste acordo e as que poidan adoptar as autoridades sanitarias competentes que resulten de aplicación.”

Trinta e nove. O primeiro parágrafo do número 4.3.4 do anexo queda coa seguinte redacción:

“4. Na prestación dos servizos e/ou utilización dos centros e instalacións deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal ou, de ser o caso, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada, nos termos previstos no número 1.3.”

Corenta. O número 5.2 do anexo queda redactado como segue:

“2. Serán de obrigado cumprimento as normas sobre desinfección e prevención que determine en cada momento a autoridade sanitaria, tanto nos centros públicos como privados.”

Segundo. *Eficacia*

Este acordo producirá efectos desde o día seguinte á data da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Malia a eficacia inmediata das medidas previstas neste acordo, efectuaranse as adaptacións formais que sexan necesarias nos plans, protocolos ou guías aprobados para determinados sectores de actividade pola Administración autonómica».

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2020

Alberto Fuentes Losada  
Secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade

